



Había un marrimonio alá en Ribeira, nunha parroquia de Ribeira, usté non sabe onde é, pero...

- Sí, sí, Ribeira, sí que sei.

Bueno, pois había un matrimonio e resulta que tiñan a casa vella e foi alí un veciño, o sea, máis ben un irmao da mullere, foille poñer unha cociña destas, unha cociña económica, nunca viran cociña económica nin viran tal. E, e resulta que, prendéronlle lume á cociña e, a cociña, claro, empezou a funcionar, puñéronlle unha pota e puñeron a outra e ferveron as potas nun sitio e noutro. Despois a pobre muller, nunca vira tal cousa, e non facía máis que, cheghaba calquera dice:

- Oi, mira a cociña que ben tá, aquí ferve e alí volve a fervere, e aquí ferve tamén.

E o home, esto, cansouse e dixo:

- Pero ti que falas Manuela, ti que falas? E estás contando o conto ese.
- Pois cóntallo ti, Visente.
- Oiches, Visente, aquí ferve e aquí ferve outra vez e e alí volve a fervere.

Eso son tonterías, non sabe? Cousas pequenas.